



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo mercado de abastos de Cee . expediente nº 2025/G016/000001

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cee na sesión ordinaria realizada o día 29 de agosto de 2025, acordou a aprobación inicial da “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DE SERVIZOS NO NOVO MERCADO DE ABASTOS DE CEE”.

O acordo da aprobación inicial someteuse ao trámite de información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que puidesen examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que, se as houbese, serían resoltas pola Corporación.

Debido a que non se presentaron reclamacións ou suxestións no prazo de información pública, considérase aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo Mercado de Abastos de Cee, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Publícase, a continuación, o texto íntegro da Ordenanza para os efectos da súa entrada en vigor:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DE SERVICIOS NO NOVO MERCADO DE ABASTOS DE CEE

EXPEDIENTE Nº 2025/G016/000001

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cee establece a Taxa pola prestación de Servicios no Mercado Municipal de Abastos, á que se refire ó artigo 20.4 u) da devandito RD , que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.Constitúe o feito imponible desta taxa:

- A venda ou fabricación realizada nos postos fixos concesionados.
- A autorización dos traspasos dos postos fixos no Mercado Municipal de Abastos.

2. Non están suxeitos a taxa por traspaso autorizado, cando estes se produzan polos seguintes motivos:

- En caso de falecemento, a favor de quen resulte ser herdeiro do titular ou legatario do local, e de non haber disposición testamentaria, se transmitirá a favor do cónxuxe, fillos, netos, pais ou irmáns do titular por este orde.
- En caso de xubilación e invalidez permanente do titular, se transmitirá a favor do cónxuxe, fillos, netos, pais ou irmáns do titular, igualmente por este orde.

3. Tampouco están suxeitos a esta taxa os servizos ordinarios de limpeza, vixilancia e inspección sanitaria dos produtos destinados ó consumo, cando non sexa realizada a instancia de parte interesada.

4. O servizo de recollida de lixo do Mercado Municipal de Abastos quedará sometido á Ordenanza Fiscal correspondente, ostentando cada un dos concesionarios a condición de suxeitos pasivos contribuíntes da taxa respectiva.

ARTIGO 3º.- BENEFICIOS FISCAIS.

Non se recoñece beneficio fiscal algún, agás os previstos nas normas con rango de Lei ou nos Tratados Internacionais ratificados validamente por España e publicados no Boletín Oficial do Estado.

ARTIGO 4º.- SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, no concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que realicen cada un dos feitos impositivos previstos no artigo 2, nos seguintes termos:

- a) Nas concesións de postos fixos, o adxudicatario.
- b) No traspaso da concesión, o adquirente.
2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, Interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBLE.

A contía da taxa virá determinada:

- No caso de traspaso polo resultado de aplicar ó importe do traspaso un porcentaxe. Dito importe non poderá ser inferior ó importe de adxudicación da concesión, caso contrario se tomará este como importe de referencia para o cálculo da taxa e demais exaccións previstas.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria será a seguinte:

1.- Concesión continuada dos postos e locais do Mercado. No caso dos postos efímeros ou de utilización temporal, aplicarase a cantidade proporcional ao tempo que ocupe o posto.	6,94€/m2/mes
2.- Traspasos das concesión	25% do valor do traspaso

ARTIGO 7º.- DEVENGO.

Retribuirase a taxa e nacerá a obriga de contribuír:

- a) No momento en que os usuarios deban comezar a prestación do servizo.
- b) O canon de traspaso do local de negocio, no momento da correspondente comunicación ó Concello do traspaso.

ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN E DE RECADACIÓN

1. Adxudicación de postos fixos:

a) A adxudicación dos postos fixos realizarase de acordo coas normas contidas no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e no prego de cláusulas administrativas particulares que regule o procedemento e a forma de adxudicación.

2. Traspasos de postos fixos:

Os concesionarios de postos que, antes de finaliza-lo período de concesión, transmitan os seus dereitos sobre o posto, deberán obter a previa autorización do Concello e axustarse as normas establecidas no Regulamento do Mercado e no Prego de Cláusulas Administrativas particulares que regulan o réxime da concesión.

3. Cobro de Rendas:

- a) As ocupacións de postos con carácter definitivo, o cobro das cotas efectuarase semestralmente, mediante recibo derivado da matrícula nos termos que se indique o servizo de recadación da Excelentísima Deputación de A Coruña ou da Tesourería Municipal.
- b) No caso de postos efímeros ou transitorios, o cobro realizarase antes da ocupación do posto.

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

Para a calificación das infraccións tributarias, así como as correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION DERRADEIRA.

Unha vez publicada e aprobada a presente ordenanza, sen prexuízo da posibilidade de recurso entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no boletín oficial correspondente.

En Cee, o 23 de outubro de 2025
Alcaldesa do Concello de Cee
Margarita Lamela Louzán

2025/6973